

PROTEXE OS TEUS SONOS

"Non deixedes de loitar para alcanzar os vosos soños"!

Xa estamos na última semana de curso, semana na que estariamos preparando con ILUSIÓN e ao mesmo tempo con TRISTURA a rosa despedida, ILUSIÓN porque rematades unha etapa das vosas vidas e entrades noutra maravillosa, e TRISTURA porque todas as separacións son tristes. Sodes os nenos e as nenas que chegastes ao cole fai 9 anos con ilusión, alegría, gañas de aprender, de xogar e de facer moitos amigos e amigas, chegastes para escribir o voso LIBRO cheo de soños.

Se volto atrás no tempo lembro como aqueles e aquelas peques recién chegados/as encheron de alegría, de berros, de sorrisos o patio de Infantil, e tamén de choros cando caíades ou estabades tristes porque os vosos amigos ou amigas non querían xogar con vós, de como os primeiros días vos agarrabades ás mans das/os mestras/es de garda porque a rosa profe estaba noutra zona ou simplemente non tiña garda

PROTEXE OS TEUS SONOS

Pero eses tres anos pasaron rápido e subistes ao cole dos "maiores" e... xa podíades ir ao XIMNASIO... Guuuuuu.. que ilusión...!!!.

Esa aula chea de pelotas, aros, conos e xogos tamén vos ía a axudar a escribir o voso LIBRO. Esa aula era a rosa aula de Educación Física onde botar unha pelota, saltar á comba, andar á pata coxa ou simplemente facer unha roda resultaba difícil, pero como excelentes alumnos e alumnas cada curso superastes novos retos e alcanzastes novas metas. Estabades medrando non só en altura e anos senón como GRANDES DEPORTISTAS e MARABILLOSAS PERSOAS.

Este ano resultou ser moi complicado para todos e todas, o Covid obrigounos a facer parte do curso dende a casa, separados e separadas dos nosos amigos e amigas, pero a pesar da distancia e dos momentos difíciles que nos tocou vivir demostrastes que sodes uns verdadeiros CAMPIÓNS e CAMPIONAS pola rosa responsabilidade e madurez.

PROTEXE OS TEUS SONOS

Quero daros as gracias polo voso traballo, esforzo, actitude, respecto e deportividade que amosastes dentro da asignatura de Educación Física e en todas as actividades programadas dende esta área: xogos do magosto, carreira pedestre, deporte escolar, xogos de primavera, viaxe á neve..., cada vez que dicía "necesito que me axudedes a...", alí estaban as vosas mans regalando incluso parte do voso tempo de lecer.

Gracias por aceptar as miñas propostas porque sen a vosa colaboración e participación non se poderían levar a cabo.

Deséxovos moita **SORTE** na nova páxina que ides comezar a escribir do voso **LIBRO**.

Loitade polos vosos soños e as vosas ilusións porque depende de vós que se fagan realidade e que alcancedes a vosa meta!! "O mellor que teñen os soños é que se poden facer realidade"

Gracias por deixarme escribir algunha das páxinas do voso **LIBRO!!**

PROTEXE OS TEUS SONOS

E lembrade: " O máis importante do deporte non é gañar senón participar, porque o esencial na vida non é o éxito, senón esforzarse por conseguilo" (Pierre de Coubertin)

SODES UNS E UNHAS GRANDES DEPORTISTAS E UNHAS MARABILLOSAS PERSOAS!!!

NON CAMBIEDES!!!

Marita